Coa aparición dun tipo de combustíbel preponderante no espazo rural como é o “arbustivas”, ligado ó despoboamento do rural e un modelo de desenrolo urbano nada axeitado, atopámonos diante dunha tipoloxía de incendio que combina a perigosidade do incendio urbano e do forestal.

Non se trata de incendios forestais nos que na maioría dos casos se fale de perdas ambientais e sociais, nos lumes de interface a maiores disto impleméntanse os perigos que



conlevan a presenza de poboación. Si antes na maioría dos casos nos atopabamos lumes que ían do pobo cara os montes, agora vemos a cotío como a dirección é a contraria, ou sexa, do monte cara os pobos.

Reiteramos na necesidade de que o SPDCIF pase a formar parte do dispositivo de protección civil, servizo para o cal deberá estar como até o de agora, dispoñíbel durante todo o ano, as 24 horas do día, e para elo é preciso e necesario contar con funcións de emerxencia, en base ao citado na Lei 17/2015, funcións que até o de agora non se realizan, agás as de extinción de incendios forestais.

No que á parte económica se refire, tal e como recolle a propia memoria de xustificación funcional e económica da Consellería do Medio Rural, elaborada para a modificación da RPT da consellería de cara a creación dos postos de reforzo no verán do SPDCIF, o incremento de gasto anual para poder contratar durante nove meses aos 436 traballadores e traballadoras é de 6.685.352€.

Un gasto, que debe considerarse asumíbel, incluso o noso grupo estaría disposto a propoñer as partidas a modificar para facelo posible.

Diante do argumento da falta de fondos para ampliar a contratación, podemos demostrar como a Xunta de Galicia tenta ampliar a data de hoxe as contratación en temo e número de brigadas helitransportadas por un montante superior ás cifras que vimos de expoñer, aumentando o tempo de traballo **só ás brigadas helitransportadas privadas** para facer prevención mentres manda o **persoal do SPDCIF fixo descontinuo ó paro**.

Con isto, **non estamos a plantexar que os medios aéreos sexan innecesarios**, é evidente que o seu emprego de forma axeitada é fundamental, pero mentres á propias brigadas helitransportadas do dispositivo público se lles chega a retirar o helicóptero un mes antes da finalización do contrato da brigada, nas contratadas á empresa INARER incrementouse nos



últimos anos a duración do tempo de traballo incluíndo como nova tarefa a prevención, feito que no V convenio colectivo –a prevención- se establecía como obxectivo no medio prazo para o persoal do SPDCIF, así ó aumentar progresivamente as actividades de prevención mellorárase o tempo de permanencia e as condicións laborais do SPDCIF.

Porén, a nosa argumentación avoga, como explicamos a continuación, por un urxente cambio de modelo.

Os peores anos até o de agora en canto a lumes en Galicia foron no período 1991-2005 onde a superficie queimada por incendio forestal non supero as **3 Has/lume** (Fonte- área de defensa contra incendios forestais do Ministerio de Medio Ambiente), con medias de lumes por ano que acenderon aos 10.000 incendios, chegando a picos de 15.000 nalgún deles. Neste período, a composición do dispositivo de prevención e extinción contra incendios estaba conformada maioritariamente polo SPDCIF, o cal supoñía un 84% do total. **O seguinte período, que nos levou ata o 2009 xa comezou a diminuír o peso do SPDCIF** no total do dispositivo, deixándoo nun 67%. Coa introdución do **novo modelo do PP** logo do ano 2009, continuou **minguando o peso específico do SPDCIF** dentro do total como dispositivo, **chegando ao actual 38%.**

O noso plantexamento baséase na eficacia do modelo; coa actual atomización do dispositivo atopámonos dúas circunstancias importantes. A primeira é unha boa nova, **o número de lumes reduciuse a máis da metade**, pero pola contra **a superficie queimada or incendio, elevouse até as 6,4 Has/ lume**, polo tanto atopámonos diante do paradoxo de que con menos lumes arde mais superficie por incendio .

Este análise introduce unha nova variante que é un novo tipo de lume de alta perigosidade e elevada velocidade de propagación, e polos datos aportados, percíbese perfectamente que o modelo atomizado é moito menos eficaz que o modelo único público e autonómico, composto maioritariamente polo actual SPDCIF,



Analizando o que ocorreu no ano 2016, observamos unha redución radical do número de lumes, arredor de 2.200 incendios forestais, onde arderon máis de 22.500 Has, sendo a superficie queimada por incendio de 10,2 Has/lume. Estes datos lévannos a conclusión de que o sistema pode colapsar facilmente mantendo o modelo actual.

Que ocorrería a data de hoxe si or desgraza voltáramos ás cifras da década anterior onde se chegaba con facilidade a rebasar os 10.000 lumes/ano? A resposta condúcenos a un desastre medioambiental e social de gravísimas consecuencias.

Polo tanto, aportamos argumentos técnicos e facemos unha proposta clara, no senso de trocar este modelo por outro baseado nun só dispositivo, consistente no actual SPDCIF, onde recupero peso específico o binomio autobomba/brigada fronte ó excesivo uso de medios aéreos que son necesarios pero non tan eficaces.

Dende o punto de vista económico, a contratación directa de persoal polo dispositivo público de prevención e defensa contra incendios forestais é máis económico que calquera das outras empresas que veñen participando nas tarefas de extinción nos derradeiros anos (Tragasa, Seaga, Natutechnia...). O prezo por hora, unha vez contabilizado vehículo máis equipo de protección individual é, no caso do SPDDCIF de 18,28€, por contra, pola empresa SEAGA ascende a 19,44€, e por Tragsa aumenta a cantidade de 22,56€.

Tanto por argumentos técnicos coma por económicos non ten sentido manter o actual modelo, para o cá propomos tal e como detallamos anteriormente, ó retorno ó modelo baseado nun SPDCIF forte onde se incentive a formación ao persoal e se procure unha estabilidade laboral para garantir un traballo digno, e así voltar a ser o servizo de referencia dentro do estado.

A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e traballadoras contratados,



cos tempos e modalidades existentes neste momentos, aumenta co simple paso do tempo. É escandaloso que a propia administración pública fomenta estes contratos escravos e miserentos, non garantindo o básico para poder manter unhas condicións de vida digna. Logo de catro anos dende a derradeira modificación da RPT da Consellería o persoal empregado recibe un salario inferior ó 75% do SMI, feito que a administración autonómica galega no debería permitir máis aló de situación sumamente excepcionais, caso que consideramos no é o que agora nos ocupa.

Cremos que as condicións que deron lugar a esta modificación da RPT mudaron e non ten sentido manter máis tempo estes contratos precarios.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a que proceda á modificación da actual relación de postos de Traballo da Consellería de Medio Rural, no senso de que a duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) se incremente sobre os 3 meses actuais, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo discontinuo, ampliando a súa relación contractual a un total de nove (9) meses.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/02/2017 11:42:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 11:46
Nº Rexistro: 4560
Data envío: 06/02/2017 11:46:06.948



Paula Vázquez Verao na data 06/02/2017 11:43:01

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/02/2017 11:43:05

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/02/2017 11:43:11

Carmen Santos Queiruga na data 06/02/2017 11:43:14

Antón Sánchez García na data 06/02/2017 11:43:17

Eva Solla Fernández na data 06/02/2017 11:43:19

Luca Chao Pérez na data 06/02/2017 11:43:23

Paula Quinteiro Araújo na data 06/02/2017 11:43:26

Magdalena Barahona Martín na data 06/02/2017 11:43:29

José Manuel Lago Peñas na data 06/02/2017 11:43:33

Francisco Casal Vidal na data 06/02/2017 11:43:36

David Rodríguez Estévez na data 06/02/2017 11:43:39

Marcos Cal Ogando na data 06/02/2017 11:43:43

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 5673(10/PNP-000480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na
contratación pública autonómica

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Con data 15 de febreiro pasado houbo unha resposta da Xunta de Galicia á pregunta con resposta oral en Pleno núm. 902 do Grupo Parlamentario Popular, convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións, sobre "o estado de execución dos obxectivos reflectidos no Plan de mellora da contratación pública".

Nesta resposta afirmase que as medidas incluídas no dito plan están "practicamente finalizadas e se prevé que o seu total desenvolvemento se remate no ano 2017".

O eixo 5 deste plan recolle medidas específicas que pretenden impulsar a transparencia, a avaliación de resultados, a estandarización de procedementos e a adopción de boas prácticas no eido da contratación pública. Estas medidas refírense a un sistema de avaliación do seguimento das guías, a elaboración de modelos de pregos, instrucións para as boas prácticas na contratación de servizos ou un novo decreto do Rexistro de Contratos, pero non recolle ningunha medida concreta de loita contra a fraude nas licitacións.

Por iso, en materia de contratación pública cómpre avanzar con máis decisión na adopción de medidas técnicas e legais que, máis alá da necesaria transparencia e regulación de procesos e criterios, loiten e evitan sistemas de fraude na contratación pública.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) calcula que o sobrecusto causado por malas prácticas "anticompetencia" ascende a 40.000 millóns de euros ao ano, un 4,5 % do PIB, porcentaxe que supera incluso a previsión de déficit comprometida por España con Bruxelas para 2015 (4,2 %). Este dato significaría que España podería resolver totalmente os desequilibrios orzamentarios que sangran as contas públicas e que tanto deterioro teñen



 Grupo Parlamentario

producido nos servizos públicos de benestar. A CNMC valora nun 15 % o peso da contratación pública sobre o PIB.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sendo, polo tanto, unha prioridade absoluta a loita contra as manipulacións nas licitacións públicas, que inundan medios de comunicacións e xulgados, a CNMC vén de aprobar unha Guía contra a fraude na licitación pública, ofrecendo aos poderes adxudicadores un decálogo de indicios de posible manipulación nas licitacións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a aprobar un plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/02/2017 10:47:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/02/2017 10:47:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/02/2017 10:47:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/02/2017 10:47:41

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 6310(10/PNP-000548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 12:56
Nº Rexistro: 6310
Data envío: 08/03/2017 12:56:54.764



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

Tal e como recolle o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de igualdade no seu artigo 67, “*os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma*”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que realice nos próximos dous meses un informe que recolla o cumprimento do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido

das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia no seu art. 67 en todas en cada unha dos os organismos autónomos, as sociedades públicas, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:49:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 10:49:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 10:49:18

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 10:49:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2017 10:49:26

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 6339(10/PNP-000561)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 9 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6339
Data envío: 08/03/2017 14:35:52.279

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados, **Martín Fernández Prado, Jose Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Gonzalo Trenor López, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias e Julia Rodríguez Barreira**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante os últimos anos, a Xunta de Galicia vén traballando intensamente co Goberno central, administración responsable dos servizos ferroviarios, na mellora do transporte por ferrocarril en Galicia.

Froito deste traballo acadouse un profundo proceso de renovación e modernización de liñas e servizos que se está a levar a cabo na nosa comunidade, mellorando a mobilidade e os servizos que se prestan aos milleiros de galegos que cada día optan por este medio de transporte.

Desta transformación, o exemplo máis destacado é o Eixe Atlántico Ferroviario que, dende a súa posta en servizo, está funcionando con grande éxito e cunha extraordinaria acollida por parte dos cidadáns. Aínda que tamén é grande o esforzo feito na conexión en Alta Velocidade entre Galicia e a Meseta.

Recentemente, o Parlamento Galego aprobou unha iniciativa de mellora dos servizos ferroviarios entre Lugo e Ourense a través de Monforte.

Nesa mesma liña, os deputados asinantes queremos trasladar a necesidade de modernizar a conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, de tal xeito que non só permita conectar a cidade departamental dun xeito rápido e moderno co Eixe Atlántico Ferroviario e co AVE á Meseta, senón que se converta nun importante elemento estruturador metropolitano, mellorando o transporte de cercanías das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Na procura da viabilidade desta actuación, semella aconsellable traballar na modernización desta conexión dun xeito que poida ser abordado por fases sucesivas cuxa posta en funcionamento progresiva xa permita mellorar os tempos de percorrido entre as dúas cidades.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6339
Data envío: 08/03/2017 14:35:52.279

Por todo o anterior os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar ao Goberno do Estado a necesidade de impulsar a modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol para que os cidadáns se poidan beneficiar de mellores prestacións e de servizos máis útiles, eficientes e competitivos.
2. Solicitar ao Ministerio de Fomento unha planificación estratéxica para avanzar neste obxectivo de modo firme e constante, establecendo fases sucesivas para o desenvolvemento das actuacións de tal xeito que a súa progresiva posta en servizo permita ir acurtando os tempos de percorrido”.

Santiago de Compostela, 08 de marzo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/03/2017 14:32:06

Martín Fernández Prado na data 08/03/2017 14:32:32

José Manuel Rey Varela na data 08/03/2017 14:32:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6339
Data envío: 08/03/2017 14:35:52.279

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/03/2017 14:32:56

Diego Calvo Pouso na data 08/03/2017 14:33:08

Jaime Castiñeira Broz na data 08/03/2017 14:33:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/03/2017 14:33:30

Gonzalo Trenor López na data 08/03/2017 14:33:55

Antonio Mouriño Villar na data 08/03/2017 14:34:23

Marta Novoa Iglesias na data 08/03/2017 14:34:46

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/03/2017 14:35:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 7081(10/PNP-000634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 12:36
Nº Rexistro: 7081
Data envío: 27/03/2017 12:36:29.388

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as normas de aplicación do réxime de concertos educativos con centros privados e a súa progresiva supresión.

Exposición de motivos

Na Orde do 14 de marzo de 2017 da Xunta de Galiza pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017/18 e seguintes o goberno galego modificou os criterios que rexen este procedemento introducindo importantes modificacións ao respecto. Entre estas mudanzas o executivo:

Amplía a vixencia dos concertos até seis anos sosténdose na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) toda vez que esta norma foi fortemente rexeitada pola comunidade educativa que esixiu en reiteradas ocasións a súa derogación. Ao tempo que vén de se iniciar un proceso de debate político e social no marco da Subcomisión creada no Senado a prol dun pacto educativo no Estado español.

Muda os motivos polos que un colexio ten preferencia sobre os demais suprimindo a coeducación de entre estes criterios. É dicir, a convivencia entre mulleres e homes; os principios de igualdade do proxecto educativo, así como a non discriminación por razón de sexo. Un feito que atenta contra un principio fundamental



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 12:36
Nº Rexistro: 7081
Data envío: 27/03/2017 12:36:29.388

recollido mesmo no I Plan para a Igualdade na Educación deseñado e aprobado polo Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

-Derrogar a Orde do 14 de marzo de 2017 da Xunta de Galiza pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017/18 e seguintes.

-Elaborar unha nova Orde na que se prevexa de maneira progresiva a supresión dos concertos educativos a través da redución do orzamento destinado a estes centros privados.

-Elaboración dun plan de reasentamento do estudantado actualmente matriculado en centros privado-concertados para a súa incorporación progresiva na escola pública.”

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 12:36
Nº Rexistro: 7081
Data envío: 27/03/2017 12:36:29.388

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/03/2017 12:34:53

Noa Presas Bergantiños na data 27/03/2017 12:35:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/03/2017 12:35:33

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2017 12:35:36

Xosé Luis Bará Torres na data 27/03/2017 12:35:38

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2017 12:35:42

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 7202(10/PNP-000650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:37
Nº Rexistro: 7202
Data envío: 29/03/2017 12:37:27.596

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados e retornadas en relación coa tributación das súas pensións.

Desde comezos do ano 2013 foron nacente no noso país numerosas plataformas comarcais de emigrantes retornados e retornadas co obxectivo de reivindicar xustiza para as súas pensións e preservar os dereitos de milleiros de galegos e galegas que despois de traballar anos fóra de Galiza vían perigar o seu dereito a un tratamento fiscal igualitario e a vivir con seguridade a súa etapa de xubilación desfrutando das pensións que conseguiran tras anos de traballo lonxe da súa terra.

As e os nosos maiores convertéronse nun exemplo de dignidade para as loitas sociais do país e catro anos despois continúan loitando contra unha discriminación que aínda non se resolveu de forma completa. Ese esforzo mobilizador provocou cambios normativos mais estes foron a toda luz insuficientes para que as persoas afectadas recuperaran os seus dereitos de forma global.

A finais do ano 2014, a través da disposición adicional da Lei 26/2014 introduciuse unha modificación mediante a que de forma implícita o goberno central viña a recoñecer que a Axencia Tributaria viña realizando unha interpretación abusiva das disposicións legais e estableceuse un período de regularización que na práctica implicaba a devolución das inxustas sancións, recargas e xuros que se lles impuxeron

nos últimos exercicios e o establecemento dun período voluntario de tributación para os e as que aínda non teñan realizado a declaración.

Porén, esta disposición segue sen supor unha regulación real, clara e xusta da tributación para os e as emigrantes retornadas. Non ten en conta factores fundamentais como o contido dos distintos tratados bilaterais e tampouco establece mecanismos para o tratamento xusto das pensións de invalidez, entre outras consideracións. Este colectivo continúa a pé de rúa e recentemente a Plataforma de afectados e afectadas demandaron na Comisión de Peticións europea esixir ao goberno español o cumprimento dos convenios bilaterais asinados cos Estados membros, a eliminación dos expedientes abertos e o impulso de cambios normativos para homoxeneizar o status das pensións independentemente da súa orixe no marco do estado español ou no marco estranxeiro e así resolver, anos despois, as consecuencias da política de acoso e derribo levada a cabo pola facenda estatal e que segue afectando a un gran número de persoas emigradas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado unha regularización legal sobre a tributación das pensións das e dos emigrantes retornados:

a) realizando as modificacións oportunas da Lei 35/2006 para a disposición dun marco homoxéneo para todas as pensións contemplando as exencións de presentar declaración do IRPF de non superar determinados limiar de rendas.

b) realizando as modificacións oportunas para evitar a retroactividade que establece a disposición adicional primeira da Lei 26/2014, tanto en relación coas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:37
Nº Rexistro: 7202
Data envío: 29/03/2017 12:37:27.596

persoas que xa tributaron polas rendas percibidas en exercicios anteriores, así como aquelas que están pendentes de tributar

c) garantindo o recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.

d) levando a cabo a revisión dos convenio marco con outros países para evitar que situación deste tipo poidan volverse a producir.”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2017 12:36:36



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:37
Nº Rexistro: 7202
Data envío: 29/03/2017 12:37:27.596

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2017 12:36:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2017 12:36:47

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2017 12:36:51

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2017 12:36:52

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2017 12:36:55

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 7366(10/PNP-000664)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal
docente

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno, sobre a recuperación dos dereitos laborais do persoal docente.**

Mentres o Goberno galego teima na suposta recuperación económica o certo é que as e os docentes de Galicia ven lonxe esa recuperación. A crise económica supuxo recortes intensos no ensino público, que afectaron tanto ao alumnado, que está padecendo unha mingua na calidade, ás familias, que tiveron que afrontar novos copagos, e ao profesorado, que acumulou anos de recortes e conxelacións salariais que os levaron a perder, en oito anos, entre un 25% e un 26% de poder adquisitivo.

Dunha banda sumaron o recorte salarial do goberno Zapatero, e doutra, o recorte no complemento específico das pagas extraordinarias do Goberno da Xunta, aplicado dende 2013. Deste xeito, as ensinantes e os ensinantes de Galicia son os únicos de todo o Estado que tampouco cobraron a parte autonómica nas pagas extraordinarias de 2016. Isto supuxo que os docentes galegos perderan desde o ano 2013 unhas cantidades que oscilan entre os 4.663,28 euros para un mestre sen antigüidade e os 8.446,96 euros para unha persoa catedrática con trinta anos de servizo.

O menoscabo de dereitos tamén se produciu no referido á cobertura das baixas laborais. Así, a Lei 12/2014 de Medidas Fiscais e Administrativas, na súa Disposición adicional cuarta sobre incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral para o persoal cun réxime especial de Seguridade Social do mutualismo administrativo, estableceu que:

“(…) percibirán o 50% das retribucións tanto básicas coma complementarias e a prestación de fillo a cargo, se é o caso, desde o



primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, con independencia de que sexa a primeira, segunda ou máis IT dentro do ano natural.

Deste xeito, as retribucións nestes casos redúcense ao quedar calculadas do seguinte modo:

- Desde o 1º día ata o 3º aboarase o 50% das retribucións.
- Desde o 4º día ata o 20º aboarase o 75% das retribucións.
- A partir do 21º aboarase o 100% das retribucións

Pero non soamente falamos de cuestións económicas, as condicións laborais empeoraron en todos os ámbitos. Así, por exemplo, a taxa de interinidade pasou de algo menos do 5%, en 2009, ao 13% en 2017. Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade.

E, ao mesmo tempo, a Orde de 23, de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, fixo que a xornada lectiva do profesorado aumentara das 21 horas semanais a 25, un aumento que dificulta moito que o profesorado poida atender ao resto das súas obrigas profesionais e que, necesariamente, incide nunha peor calidade educativa.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Recuperar o diálogo cos axentes sociais para trazar un plan de recuperación de todos os dereitos laborais do persoal docente.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 13:57
Nº Rexistro: 7366
Data envío: 30/03/2017 13:57:00.420



- Garantir a cláusula de revisión salarial para garantir, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.
- Derrogar os cambios impostos pola Lei 12/2014 de xeito que o profesorado perciba o 100% de todas as retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).
- Derrogar a orde de 23 de xuño de 2011 para recuperar as 21 horas de xornada lectiva.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,	Asdo.: Luís Villares Naveira
Ánxeles Cuña Bóveda	Voceiro do G.P. de En Marea
Deputadas do G.P. de En Marea.	

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/03/2017 13:50:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/03/2017 13:50:50

Luis Villares Naveira na data 30/03/2017 13:51:10

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 3907(10/INT-000136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a política do Goberno galego en relación coa
transparencia e bo goberno na súa xestión

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:12
Nº Rexistro: 3907
Data envío: 23/01/2017 13:12:45.615



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Como sinala a exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supoñen mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón da súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Sen prexuízo das competencias que a dita Lei 1/2016 lle outorga ao Valedor do Pobo como Comisionado de Transparencia para o control do cumprimento das obrigas establecidas no título I da Lei, en materia de boas prácticas de goberno e transparencia pública hai que ter en conta as avaliacións e recomendacións de institucións e organismos independentes e especializados, coadxuvando así de forma obxectiva a avanzar na confianza cidadá no exercicio do poder público.

En decembro de 2016 *Transparencia Internacional España*, referencia do nivel de transparencia da Comunidade Autónoma que incorpora o propio Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, vén de presentar o último Índice de Transparencia das Comunidades Autónomas (INCAU 2016), que sitúa

 Grupo Parlamentario

a Galicia no posto 13 das 17 comunidades. Este índice 2016 aínda non figura dispoñible no portal autonómico.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como dato positivo, Galicia acada unha posición alta en (C) transparencia económico-financeira e (F) acceso á información, pero resulta rechamante a posición tan baixa que obtén nas outras catro áreas das seis avaliadas: (A) información sobre a comunidade autónoma, (B) participación cidadá, (D) contratacións, convenios, subvencións e custos dos servizos e (E) ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas; área esta última, de especial sensibilidade, onde Galicia figura no penúltimo lugar.

Chama tamén a atención, a pesar do reiterado compromiso do Goberno galego na materia, que Galicia ten descendido na súa puntuación nesta avaliación desde o INCAU 2014 ao 2016; unicamente outras tres comunidades baixaron na súa avaliación. O resto, loxicamente, progresaron.

Pero ademais o INCAU 2016 incluíu de xeito experimental, en consonancia cos criterios e principios de publicidade activa recollidos na Lei 19/2013, unha avaliación cualitativa sobre un conxunto de dez indicadores seleccionados dos oitenta que contén o índice, estando clasificadas en A as comunidades mellor valoradas e en D as peores. Galicia obtén unha valoración C, unicamente aceptable, sendo en xeral mellorable o nivel de calidade media mostrada nos indicadores de referencia.

Por todo o exposto o deputado e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para mellorar substancialmente os seus indicadores de transparencia e bo goberno durante o seu actual mandato?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/01/2017 12:02:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/01/2017 12:02:26

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 4107(10/INT-000150)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno Galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Manuel Lago Peñas, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Paula Quintero Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as actuación que debe realizar o Goberno Galego para recupera o emprego no sector da automoción e os seus compoñentes.

O impacto no emprego do país do sector do automóbil e a súa industria auxiliar é fundamental, por iso a destrución de emprego asociada aos procesos de deslocalización, ten unha enorme transcendencia na economía e sociedade galega.

Feijoo pode enarbolar a bandeira da destrución de emprego industrial, é o campión neste campo o igual que na desigualdade, provocando un mercado laboral, na industria, con poucas expectativas e fortemente precarizado.

Mentres a Xunta miraba para outro lado, o sector da automóbil galego sufriu un proceso brutal de deslocalización cara outros países, fundamentalmente o norte de Portugal. Hoxe son máis de 30 os provedores de PSA en territorio luso.

É tanto así que o sector gañou 5.800 empregos no país veciño dende 2010 cando Galicia perdeu preto de 2.000 no mesmo período, o igual que en termos de inversión o norte de Portugal acumula máis de 739 millóns de euros de inversión no sector nos anos 2015 e 2016.



Son moitos os factores que teñen influído nesta dramática situación, dende a realización dunha política coordinada e perfectamente definida polo goberno luso en materia de infraestruturas que facilita a integración do norte de Portugal coas cadeas internacionais de transporte, fronte a falta de política e estratexia en materia de infraestruturas do goberno galego, ata os incentivos públicos lusos ou a mellora na tramitación dos expedientes administrativos, pero sobre todo existe un elemento que parece clave neste proceso de deslocalización, a realización por parte do país veciño de políticas de Dumping económica na promoción, venta e oferta de chan industrial.

Dende a representación dos traballadores foi trasladado ao executivo galego un extenso estudio sobre a repercusión destas políticas no emprego en Galicia, observando a posibilidade de que a Xunta acometa accións para denunciar esta actividade fronte as autoridades europeas.

Compre polo tanto un Goberno capaz de identificar as demandas, potencialidades e necesidades do país e das súas xentes, hoxe existe un clamor dende a representación social, que pretende que a Xunta acompañe as medidas que os traballadores e traballadoras consideran importantes para relanzar o emprego de calidade na automoción galega.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte
INTERPELACIÓN:

Que medidas pensa realizar o Goberno para evitar a vulneración das normas da competencia por parte das autoridades públicas lusas?

Que ten previsto o Goberno para evitar a sangría de empregos no sector?

Santiago de Compostela, 26 de Xaneiro de 2017

.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 13:29
Nº Rexistro: 4107
Data envío: 26/01/2017 13:29:29.367



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 26/01/2017 13:23:48

Paula Vázquez Verao na data 26/01/2017 13:23:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/01/2017 13:24:02

Juan José Merlo Lorenzo na data 26/01/2017 13:24:08

Carmen Santos Queiruga na data 26/01/2017 13:24:11

Antón Sánchez García na data 26/01/2017 13:24:14

Eva Solla Fernández na data 26/01/2017 13:24:17

Luca Chao Pérez na data 26/01/2017 13:24:20

Paula Quinteiro Araújo na data 26/01/2017 13:24:23

Magdalena Barahona Martín na data 26/01/2017 13:24:27

José Manuel Lago Peñas na data 26/01/2017 13:24:30

Francisco Casal Vidal na data 26/01/2017 13:24:34

David Rodríguez Estévez na data 26/01/2017 13:24:38

Marcos Cal Ogando na data 26/01/2017 13:24:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 13:29
Nº Rexistro: 4107
Data envío: 26/01/2017 13:29:29.367



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 6212(10/INT-000251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas
subvencións e axudas destinadas ás entidades locais

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O financiamento municipal segue a ser unha das tarefas pendentes despois do desenvolvemento do Estado das autonomías. Os concellos asumiron durante anos competencias propias e non tan propias carecendo do necesario equilibrio financeiro e dependendo, en moitos casos, da vontade doutras administracións á hora de decidir sobre as prioridades orzamentarias dos municipios.

As axudas, subvencións, convenios e outras fórmulas polas que a Comunidade Autónoma achega recursos aos concellos non cumpren co obxectivo de transparencia e obxectividade contemplado na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, que na súa exposición de motivos establece que:

“Unha democracia non entendida tan só como un mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio senón como un sistema de **imperio da lei, coas debidas garantías** e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e das cidadás”.

Na reunión que mantiveron o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias co presidente da Xunta de Galicia, o pasado 9 de xaneiro de 2017, o presidente da Fegamp trasladoulle as demandas dos concellos e provincias galegas de cara a esta nova lexislatura autonómica:

1º) Que se teña en conta no financiamento municipal a dispersión territorial e o envellecemento da poboación galega, tendo en conta que os concellos galegos reciben 300 euros menos por habitante respecto á media do Estado, o que supón unha situación moi discriminatoria.

 Grupo Parlamentario

2º) Que se reformule o reparto dos fondos autonómicos aos municipios, minimizando a concesión de subvencións e/ ou axudas, para que esas partidas se trasladen directamente ao Fondo de Cooperación Local.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3º) Que os convenios reiterativos que a Xunta de Galicia asina cos concellos ano a ano sexan pactados cun calendario previo para que a principios de ano se coñeza o financiamento e a finalidade.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais, no que se establece:

“Subvencións por parte da Xunta ás entidades locais:

Medidas que minimicen as transferencias finalistas aos concellos, integrando na medida do posible estas contías no Fondo de cooperación local. Para aquelas que se manteñan, propónse a utilización de criterios de reparto obxectivos en función da tipoloxía de cada liña financeira, e que no caso das transferencias de capital da Xunta de Galicia desenvolveríanse a través de fondos específicos mediante o mantemento do PEIM rural e o Fondo ambiental, e a creación dun Fondo anual para infraestruturas formado polas transferencias de capital con destino aos concellos.

D) TRANSFERENCIAS A TRAVÉS DE SUBVENCIONES

D.1) Da Xunta de Galicia

32. Progresiva supresión das subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais e a súa integración no Fondo de Cooperación Local.

 Grupo Parlamentario

33. Configurar mecanismos de estudo e valoración do custo de servizos financiados parcialmente mediante transferencias pola Xunta de Galicia e prestados no ámbito local e establecemento dun financiamento para a estabilización permanente deses servizos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

34. Asunción por parte da Xunta de Galicia dos servizos da súa competencia actualmente prestados polas entidades locais e financiados parcialmente mediante transferencias.

35. Creación dun Fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital de distintos departamentos da Xunta de Galicia.

36. Establecer criterios obxectivos e consensuados cos entes locais para o reparto deste Fondo anual de infraestruturas.

37. Establecer criterios obxectivos e consensuados coas entidades locais para o reparto daquelas liñas financeiras destinadas ao fomento de determinadas actividades ou servizos.

38. Manter o Fondo de equipamentos e infraestruturas rurais (PEIM) e o Fondo de Compensación Ambiental mellorando os procedementos e criterios de reparto entre os distintos concellos.

39. Incrementar a partida do Fondo de Compensación Ambiental de maneira que a totalidade recadada en concepto de Canon Eólico se distribúan integramente entre os concellos.

40. Establecer mecanismos que permitan unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais de Galicia e establecer medidas que reequilibren a dotación anual percibida por cada unha delas.

 Grupo Parlamentario

41. Establecer mecanismos que permitan a simplificación e axilización dos trámites a realizar por parte das entidades locais garantindo a percepción do financiamento establecido no momento da concesión da subvencións ou sinatura do Convenio se fora o caso.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten previsto o Goberno galego suprimir parte das subvencións con fondos propios da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais e integralas no Fondo de Cooperación Local?

2ª) Ten previsto o Goberno galego negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias para o reparto das subvencións ou axudas convocadas pola Xunta de Galicia?

3ª) Vai o Goberno galego establecer en todas as convocatorias de subvencións ou axudas a concorrência competitiva para garantir a igualdade de acceso a todas as entidades locais que cumpran cos requisitos establecidos?

4ª) Que medidas ten previsto establecer o Goberno galego para permitir a simplificación e axilización dos trámites que deben realizar as entidades locais, e que garantan a percepción do financiamento establecido no momento da concesión da subvención ou sinatura do convenio?

5ª) Ten previsto o Goberno galego establecer unha mesa de negociación paritaria entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para estudar, valorar e establecer os mecanismos necesarios que desenvolvan cada un dos puntos incluídos no documento aprobado pola Fegamp?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 18:15
Nº Rexistro: 6212
Data envío: 07/03/2017 18:15:34.918



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/03/2017 17:28:18

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/03/2017 17:28:22

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/03/2017 17:28:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 7984(10/POPX-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o balance que realiza o Goberno galego do resultado da
súa estratexia de negociación co Estado en temas clave para
Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 7984
Data envío: 17/04/2017 14:16:30.016

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que balanço realiza sobre o resultado da súa estratexia de “negociación” co Estado en temas clave para Galiza?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2017 14:15:32

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 8002(10/POPX-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o cumprimento con dilixencia por parte do Goberno galego das obrigas derivadas da lexislación autonómica



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2017 18:12
Nº Rexistro: 8002
Data envío: 17/04/2017 18:12:49.135



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera que a Xunta de Galicia está a cumprir con dilixencia as obrigas derivadas da lexislación autonómica?

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/04/2017 18:12:11

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 8004(10/POPX-000030)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do
emprego e do mercado laboral de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Que valoración fai o Presidente da Xunta da situación do emprego e o mercado laboral do país, dende a súa chegada ao Goberno?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/04/2017 17:58:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 4538(10/POP-000568)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 5 máis

Sobre os certames de promoción e comercialización do sector turístico nos que vai participar Galicia desde febreiro ata finais de 2017

Publicación da iniciativa, 67, 16.02.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 10:25
Nº Rexistro: 4538
Data envío: 06/02/2017 10:25:37.247

Á Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Levar a oferta, os servizos, os produtos turísticos galegos aos diferentes certames internacionais e nacionais permite a promoción global de Galicia nos distintos mercados mundiais onde a nosa comunidade pode achegarse a potenciais futuros turistas.

Ao longo do pasado 2016 o destino Galicia foi promovido por Turismo de Galicia en 41 feiras sectoriais, en 29 certames internacionais e 12 nacionais o que permitiu introducirmos en mercados emisores para Galicia.

Esta promoción levada a cabo, esta a dar os seus froitos como así reflicten os datos do Instituto Nacional de Estadística referentes a ocupación hoteleira do 2016, nos que o Turismo Internacional en Galicia acadou máximos históricos con máis de 1,2 millóns de viaxeiros e 1,9 millóns de pernoitas.

Una vez máis Galicia acada máximos históricos tanto no que se refire aos viaxeiros aloxados, rexistrando 4.324.822, como as pernoitas, con 8.241.822. A nosa comunidade incrementou así os niveis de viaxeiros e pernoitas rexistrados nos seus establecementos hoteleiros no ano 2015, nun 5,8% e 7,2% respectivamente. É o cuarto ano consecutivo no que Galicia rexistra unha mellora dos seus niveis de demanda hoteleira.

Neste mes xaneiro do 2017, Turismo de Galicia xa ten participado en:

- FITUR, a feira internacional de turismo de maior repercusión a nivel mundial.
- MATKA de Helsinki, o maior evento da industria de viaxes no norte de Europa e a rexión do Báltico, un mercado con moito potencial xa que a demanda turística finlandesa estase a incrementar nos últimos anos.
- FERIE MESSE de Viena, un mercado cun gran potencial dado o interese polos produtos relacionados co contacto coa natureza e no Camiño de Santiago.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 10:25
Nº Rexistro: 4538
Data envío: 06/02/2017 10:25:37.247

- VAKANTIEBEURS, o mercado máis importante de Holanda.

Por todo o anterior exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que outros certames, de promoción do sector turístico vai participar Galicia ao longo deste ano 2017?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/02/2017 10:23:27

Raquel Arias Rodríguez na data 06/02/2017 10:23:43

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/02/2017 10:23:52

Teresa Egerique Mosquera na data 06/02/2017 10:24:06

Marta Novoa Iglesias na data 06/02/2017 10:24:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/02/2017 10:24:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 6802(10/POP-000876)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a exclusión das pemes galegas debida á redacción dos pregos de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos dependentes da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 12:17
Nº Rexistro: 6802
Data envío: 20/03/2017 12:17:37.823



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 25 de xaneiro de 2017 a Consellería de Presidencia licitou un macroconcurso de limpeza de instalacións dependentes da Xunta de Galicia. A forma de redacción dos pregos de contratación fixo que só puidesen concorrer a el catro grandes empresas, todas elas de fóra do noso País.

A consecuencia deste concurso foi a expulsión da contratación administrativa de todas as empresas do sector ata o momento actúantes, pequenas e mediadas empresas con sede tributaria en Galicia e que xeran aquí todo o seu emprego.

Baixo a escusa dunha centralización na contratación e argumentos de economías de escala que producen aforros pírricos para a nosa administración, a redacción dos pregos está determinando a imposibilidade de acceso a PEMES especializadas que xeran economías positivas en Galicia na medida en que:

- ✓ pagan en Galicia os seus impostos, xa que teñen a súa sede fiscal aquí;



- ✓ empregan traballadores/as no noso País, porque aínda que a nova adxudicataria teña que subrogar os traballadores de limpeza, todos os cadros de supervisión e dirección pertence á empresa contratista;
- ✓ as provisións de servizos, que antes facían estas empresas na nosa comunidade, agora dependen de entidades que non garanten esta situación, producindo unha perda de oportunidade de venda de subministrados.

En definitiva, a forma de contratar realizada polo Goberno galego empobrece o noso País, na medida en que a adxudicación a grandes empresas foráneas provocada pola redacción dos pregos deixa de lado as PEMES galegas, déixase de tributar aquí, pérdense postos de traballo nas antigas contratistas e o mercado galego de subministrados tamén se resente.

O máis grave desta situación é que contravén a normativa galega (Lei 14/2013, art. 29) e mesmo directivas comunitarias como a 2014/24/UE, ambas encamiñadas a redactar os pregos de contratación de xeito que se favoreza a existencia de lotes que fagan accesible o contrato a PEMES.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

-Que interese ten o Goberno galego en deixar de contratar coas PEMES do noso País?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/03/2017 12:14:12

Carmen Santos Queiruga na data 20/03/2017 12:14:16

Luca Chao Pérez na data 20/03/2017 12:14:25

Eva Solla Fernández na data 20/03/2017 12:14:34

Paula Vázquez Verao na data 20/03/2017 12:14:41

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/03/2017 12:14:44

Juan José Merlo Lorenzo na data 20/03/2017 12:14:48

Antón Sánchez García na data 20/03/2017 12:14:52

Paula Quinteiro Araújo na data 20/03/2017 12:14:56

Magdalena Barahona Martín na data 20/03/2017 12:15:00

José Manuel Lago Peñas na data 20/03/2017 12:15:03

Francisco Casal Vidal na data 20/03/2017 12:15:07

David Rodríguez Estévez na data 20/03/2017 12:15:12



Marcos Cal Ogando na data 20/03/2017 12:15:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 12:17
Nº Rexistro: 6802
Data envío: 20/03/2017 12:17:37.823



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 7029(10/POP-000908)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos problemas xerados nas condicións laborais do persoal e na atención prestada, como consecuencia do traslado á Estrada dos servizos 061 e 112 de atención das urxencias médicas e das emerxencias

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En Galicia, as urxencias médicas e as emerxencias son atendidas polo 061 e o 112 respectivamente, que prestan os seus servizos dende Santiago.

Por unha decisión que responde a unha cuestión estritamente política, como así foi recoñecido por parte do Vicepresidente da Xunta e o Conselleiro de sanidade ás traballadoras e traballadores de ambos servizos, serán trasladados de Santiago a un novo edificio na Estrada.

Esta decisión, que non responde a ningún tipo de criterio técnico, non foi consultada co persoal afectado e resulta contraria a criterios de diferentes expertos en coordinación de emerxencias. Ademais, o persoal denuncia as carencias da nova plataforma que se queda colgada na entrada de chamadas o que condiciona a seguridade do servizo para a poboación, pois o programa que pretenden levar para a nova instalación, aínda está en fase de probas.

Por outra banda, co traslado, non só empeoran o propio servizo para a poboación, si non que afectan de xeito directo as condicións laborais do persoal que vai a ter que soportar por medio dos seus salarios os gastos do traslado e vai a ver totalmente condicionada a posibilidade de conciliación laboral e persoal.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 17:58
Nº Rexistro: 7029
Data envío: 23/03/2017 17:58:48.301



Por todo o anterior e ante a falta de diálogo e transparencia por parte da Xunta de Galicia, En Marea presenta a seguintes **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:**

- **Que ten pensado facer a Xunta de Galicia ante todos os problemas xurdidos co traslado tanto coas condicións laborais do persoal como co empeoramento e falta de seguridade do servizo?**

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/03/2017 17:56:57

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 8001(10/PUP-000077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o traslado do persoal adscrito ao Servizo de Atención de Emerxencias de Galicia 112 ás novas dependencias na Estrada nas mellores condicións



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2017 18:09
Nº Rexistro: 8001
Data envío: 17/04/2017 18:09:58.492



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola actual situación de folga dos servizos do 112 ante o seu inminente traslado de dependencias.

O comité de empresa do Servizo de Atención de Emerxencias de Galicia 112, ten convocada unha folga dende o pasado sábado 15 de abril con carácter indefinido. Os traballadores e traballadoras, preto de 90 en servizos externalizados, oponse ao traslado previsto para esta semana ás novas dependencias, radicadas na Academia Galega de Seguridade Pública da Estrada.

O comité de empresa denuncia a absoluta falta de información e de atención ás súas demandas con motivo deste traslado por parte da Xunta de Galicia, tanto no que atinxe aos preceptivos plans de continxencia e ao cambio de plataforma tecnolóxica como no que respecta ás súas condicións laborais, que se verán gravemente afectadas con motivo dos traslados que o propio persoal deberá afrontar economicamente o que, estiman, reducirá unha media dun 14 % os seus actuais salarios, que actualmente se concentran arredor duns mil euros mensuais.

Hoxe o comité de empresa vén ademais de impugnar os servizos mínimos decretados pola Xunta de Galicia, xa que estipulan o 100 % dos servizos.

Ante esa situación o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cales son as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o traslado do persoal adscrito ao 112 ás novas dependencias na Estrada nas mellores condicións?

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2017 18:09
Nº Rexistro: 8001
Data envío: 17/04/2017 18:09:58.492



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/04/2017 18:07:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/04/2017 18:07:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 6618(10/POP-000858)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 7 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa primeira convocatoria de oposicións reservada de xeito exclusivo a persoas con discapacidade intelectual que terá lugar o día 8 de abril de 2017 en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6618
Data envío: 14/03/2017 19:02:03.643

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Paula Prado del Río, Marian García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O próximo 8 de abril terá lugar en Santiago o primeiro proceso selectivo da historia da Xunta de Galicia reservado exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual, ao que concorren 429 aspirantes.

En Xaneiro de 2015 a Fundación Down solicitara expresamente ao Vicepresidente da Xunta de Galicia a convocatoria dunhas oposicións específicas para persoas con discapacidade intelectual, e dous anos despois xa se convoca o primeiro examen.

Para levar a cabo este proceso a Consellería de Facenda mantivo unha colaboración con representantes de Down Galicia e da Federación galega de asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (Fademga), co obxectivo de facilitar a entrada deste colectivo na Xunta de Galicia. E tamén foi necesaria a colaboración da Consellería de Política Social e dos órganos equivalentes doutras comunidades autónomas na valoración dos informes sobre o tipo de discapacidade dos aspirantes.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Pleno**:

1.- Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia da primeira convocatoria de oposicións reservadas exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual?

Santiago de Compostela, 14 de Marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 14/03/2017 18:59:38

Paula Prado Del Río na data 14/03/2017 18:59:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6618
Data envío: 14/03/2017 19:02:03.643

María Ángeles García Míguez na data 14/03/2017 19:00:12

María Isabel Novo Fariña na data 14/03/2017 19:00:20

César Manuel Fernández Gil na data 14/03/2017 19:00:35

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2017 19:00:46

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2017 19:01:05

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/03/2017 19:01:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 7287(10/POP-000951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución do número de persoas activas e da taxa de actividade en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 10:34
Nº Rexistro: 7287
Data envío: 30/03/2017 10:34:10.114

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á evolución das persoas activas, a taxa de actividade e o seu impacto na evolución da economía galega

No mercado laboral de Galiza, un dos factores que historicamente ten lastrado o seu desenvolvemento é unha baixa taxa de actividade, que na actualidade sitúase case 6 puntos por baixo da estatal. Lonxe de converxer, durante o goberno de Núñez Feixóo esta taxa diminuíu a maior intensidade do que o fixo no conxunto do Estado, o mesmo que sucedeu coas persoas activas.

Seguindo á Enquisa de Poboación Activa (EPA), no primeiro trimestre do 2009 a taxa de actividade situábase no 55,3% e durante o goberno de Núñez Feixóo ven rexistrando un continuo descenso. Mesmo nos dous últimos anos, a pesares de estarmos actualmente nunha fase de crecemento económico e de algún indicador positivo no mercado de traballo, esta taxa descendeu dende o cuarto trimestre do 2014 ao mesmo período do 2016, pasando do 54,5% ao 54,4%. A pesares de que no último ano a taxa incrementouse moi levemente nunha décima, non ocorreu o mesmo coa poboación activa, que segue a descender. Se no último trimestre de 2015 existían 1.255.200 persoas activas no noso país, un ano despois esta cifra reduciuse a 1.253.800 persoas activas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 10:34
Nº Rexistro: 7287
Data envío: 30/03/2017 10:34:10.114

Estes datos amósannos como nun período con crecemento do PIB e mesmo con leve recuperación do emprego, non ocorre o mesmo coa actividade, evidencian un comportamento particularmente negativo do noso mercado laboral durante a etapa de Feixóo e seguen a apuntar á baixa taxa de actividade como unha das grandes problemáticas do mundo do traballo en Galiza.

Xa que logo, persiste e agudízase un trazo que amosa ás claras a debilidade do noso mercado de traballo e que a Xunta de Galiza prevé que continúe no 2017, xa que no Informe Económico Financeiro dos orzamentos aprobados para o presente ano recoñecen que no presente ano diminuírá a poboación activa: “por último, a taxa de paro situarase no 15,6% en 2017 (...), un descenso da poboación activa xunto cun incremento do emprego do 1,6% levaríanos a esa taxa”. Xa que logo, que se contemple o descenso a poboación activa nun contexto de crecemento do PIB indícanos a fragilidade deste crecemento e a profundidade da crise e as súas consecuencias.

Por todas estas razóns formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego a caída de persoas activas e da taxa de actividade en Galiza durante o período de goberno de Núñez Feixóo?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 10:34
Nº Rexistro: 7287
Data envío: 30/03/2017 10:34:10.114

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/03/2017 10:23:45

Noa Presas Bergantiños na data 30/03/2017 10:23:51

Ana Pontón Mondelo na data 30/03/2017 10:23:55

Olalla Rodil Fernández na data 30/03/2017 10:23:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/03/2017 10:24:02

Xosé Luis Bará Torres na data 30/03/2017 10:24:04

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 8000(10/PUP-000076)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da
autorización da venda das concesións hidroeléctricas
adxudicadas a Ferroatlántica nos ríos Xallas e Grande

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Manuel Lago Peñas, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á situación de Ferroatlántica.

Xustificación da Urxencia.

As concesións hidráulicas dos ríos Xallas e Grande foron adxudicadas á compañía Ferroatlántica para garantir a viabilidade e o emprego nas súas factorías de Cee e Dumbría. Para elo expropiáronse moitos terreos de labranza na zona, inundáronse casas e aldeas e traballadores contratados na zona deixaron a súa saúde e incluso a súa vida nas obras.

Na actualidade a compañía Ferroglobe, propietaria de Ferroatlántica, pretende vender as concesións a un fondo de inversión canadiense para financiar un teórico plan industrial sen ningunha garantía real. E benvido que a compañía desenvolva un plan industrial para toda a súa actividade no Estado español, pero elo non pode ser a costa da venda de bens públicos de Galicia que non son da súa propiedade senón da cidadanía galega.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**:



Pensa a Xunta de Galicia autorizar a venda das concesións dos ríos Xallas e Grande cunha escusa moi diferente, unha operación exclusivamente financeira sen ningunha garantía real de reinversión na zona, do ben público polo que foron adxudicadas: a garantía da viabilidade e o emprego nas factorías de Cee e Dumbría?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/04/2017 18:08:34

Francisco Casal Vidal na data 17/04/2017 18:08:42

José Manuel Lago Peñas na data 17/04/2017 18:08:52

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 7185(10/POP-000937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa o procedemento de
declaración pola Unesco da Ribeira Sacra como patrimonio da
humanidade

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:06
Nº Rexistro: 7185
Data envío: 29/03/2017 12:06:17.060



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Raúl Fernández Fernández, e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Programa Patrimonio da Humanidade foi constituído coa Convención para a Cooperación Internacional na Protección da Herdanza Cultural e Natural da Humanidade, adoptada pola Conferencia Xeral da UNESCO o 16 de novembro de 1972 co obxectivo de protexer, preservar e difundir sitios e eidos de singular relevancia cultural. Desde aquela data 189 países a teñen ratificado.

A denominación desta área xeográfica de singulares características morfolóxicas, climatolóxicas, artísticas, paisaxísticas, gastronómicas e mesmo históricas rezuma lenda e historia. Tanto ten se “Ribeira” vén dos ríos Miño e Sil que delimitan a súa contorna ou das mestas fragas de carballos (en latín “*rubus*”) que medran nas ladeiras dos seus montes. A orixe do seu nome só é parte da maxia do lugar, como o son os abondosos mosteiros e conventos que nela existen, ou a gran cicatriz do canón do Sil e os afamados “socalcos” nos que de xeito case imposible medran da man do home, e de técnicas únicas, vellas viñas traídas de lonxe e que atoparon alí unha calidade única (merenzao, godello, mencia ...)

Megalítico, castrexo, románico, arquitectura rural autóctona, adegas, fontes, pontes, camiños, sons de auga e de vento, a humidade das campas e das pedras, soutos, fervezas ... conforman unha trama insólita e irrepetible de cultura e natureza.

A Ribeira Sacra é merecedora da protección e do recoñecemento que ofrece ser declarada Patrimonio da Humanidade o que, ademais, servirá para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes e axudará a preservar os valores históricos e etnográficos desta paraxe excepcional.

 Grupo Parlamentario

Logo dun certo empuxe e ilusión inicial en canto a poñer en marcha o proceso de Declaración de Patrimonio da Humanidade para a “Ribeira Sacra”, levamos case dous anos nos que o proceso semella estar paralizado.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non sabemos si esta suposta paralización obedece aos problemas xurdidos pola delimitación da zona a incluír, polas protestas xeradas pola falla de información adecuada a colectivos, pola falla de informes, estudos ou calquera outro aspecto fundamental no procedemento, polo rexeitamento por parte das actividades económicas que se xeran na zona delimitada, en definitiva son moitas as preguntas que se fan os veciños e interesados en xeral sobre do silencio actual referente ao proceso de declaración.

En consecuencia, os deputados e as deputadas que asinan preguntan o Goberno galego:

Como está o procedemento de declaración da “Ribeira Sacra”, como Patrimonio da Humanidade?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/03/2017 12:02:01

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/03/2017 12:02:12

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 29/03/2017 12:02:23

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/03/2017 12:02:33

Raúl Fernández Fernández na data 29/03/2017 12:02:45

Noela Blanco Rodríguez na data 29/03/2017 12:02:55

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 5099(10/POP-000657)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis

Sobre as principais funcionalidades e utilidades da nova
aplicación do 061 para dispositivos móbiles, Urgencias
Sanitarias de Galicia

Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:29
Nº Rexistro: 5099
Data envío: 13/02/2017 18:29:40.400

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nun Pleno deste Parlamento, xa temos preguntado ao Conselleiro de Sanidade sobre o programa acude e axuda, para a incorporación de voluntarios ao tratamento da parada cardiorrespiratoria por medio dunha app para dispositivos móbiles.

Nestes días presentouse a nova aplicación do 061, que se pode descargar das distintas plataformas de Apple e Android, **Urxencias Sanitarias de Galicia** que permite, entre outras cousas, a personalización dos datos de historia clínica e a xeolocalización da persoa que solicite dende a propia aplicación á atención do 061.

Dada a transcendencia que pode ter a utilización desta aplicación para a cidadanía galega, e tentando a difusión da súa posta en funcionamento, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as principais funcionalidades e utilidades da aplicación para dispositivos móbiles **Urxencias Sanitarias de Galicia**?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/02/2017 18:22:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 18:22:57

María Ángeles García Míguez na data 13/02/2017 18:23:03

Marta Rodríguez Arias na data 13/02/2017 18:23:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:29
Nº Rexistro: 5099
Data envío: 13/02/2017 18:29:40.400

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/02/2017 18:23:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/02/2017 18:23:24

María Soraya Salorio Porral na data 13/02/2017 18:23:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 25.04.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 6893(10/POP-000885)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante o aumento dos incendios durante o inverno de 2016-2017 na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 11:48
Nº Rexistro: 6893
Data envío: 22/03/2017 11:48:58.083

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao aumento de incendios nos meses de inverno de 2016-2017 na provincia de Ourense e as actuacións da Xunta de Galiza ao respecto.

As comarcas comprendidas baixo o paraugas administrativo do que coñecemos como Provincia de Ourense son territorios profundamente danados polos incendios forestais, supoñendo un grave problema ambiental, social e económico para todas elas. Recentemente sufriron nos meses de inverno de 2016-2017 un aumento considerábel de incendios que evidencian a falta de prevención e de políticas activas por parte do goberno da Xunta de Galiza así como a certificación das debilidades dun modelo de aproveitamento do monte no que o abandono do rural e o despoboamento son un hándicap que non se combate de forma eficiente desde as administracións.

Se no ano 2015 se rexistraron 45 lumes no período invernal, a cifra multiplicouse de forma especial neste último ano chegando á cifra de 340 e levou tamén parello un aumento do número de hectáreas queimadas, sobardando as 500. Ademais, varios incendios reincidiron en zonas castigadas nos últimos veráns como son os casos dos concellos de Entrimo e de Cualedro. Ademais, tivemos que lamentar 80 hectáreas ardidadas en territorio pertencente ao parque natural do Xurés que tamén sufriu no 2016 a perda de até 800 hectáreas na zona.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 11:48
Nº Rexistro: 6893
Data envío: 22/03/2017 11:48:58.083

Polo exposto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas tomou ou vai tomar o Goberno galego diante do aumento de incendios durante o inverno de 2016-2017 na provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2017 11:47:12

Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2017 11:47:16

Olalla Rodil Fernández na data 22/03/2017 11:47:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 11:48
Nº Rexistro: 6893

Data envío: 22/03/2017 11:48:58.083

María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2017 11:47:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/03/2017 11:47:26

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2017 11:47:30